

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 9**

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 30 de MARZO de 2004, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

- 1.- Actas anteriores. (Sesións 19 e 26.01.04 e dúas do 16.02.04).

#### **ALCALDIA**

- 2.- Dar conta de resolución da Alcaldía sobre cambio de delegado do Secretario na Comisión Informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico.

#### **URBANISMO E MEDIO AMBIENTE**

- 3.- Aprobación inicial da modificación puntual núm. 26 do PXOU de Vigo: reordenación de viais na zona de Meixoeiro-Bembrive e accesos ó hospital do Meixoeiro.
- 4.- Aprobación definitiva de modificación puntual do PEEC no cuarteirón núm. 57 (Velázquez Moreno, 35).
- 5.- Aprobación definitiva da modificación do estudio de detalle de ordenación de volumes no cuarteirón núm. 36 do PEEC (García Barbón, 24-32).
- 6.- Aprobación inicial da ordenanza municipal reguladora da inspección técnica de edificacións.
- 7.- Aprobación provisional da modificación puntual do PXOU no ámbito do Sanatorio de Fátima.
- 8.- Petición de declaración de nulidade de acordos plenarios do 27.11.92, 03.08.98 e 28.04.03, relativos á permuta de parcelas municipais por outras propiedades de "Miraflores Vigo, S.A.", situadas no ámbito do PERI "A Bouza Sur".

#### **PROMOCIÓN ECONÓMICA E DESENVOLVEMENTO LOCAL**

- 9.- Axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas Corporacións locais. Solicitude plan concertado da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia.
- 10.- Ratificación polo Pleno da Corporación da composición do Consello Municipal da Muller, segundo a disposición primeira do seu Regulamento.

### XESTIÓN MUNICIPAL

- 11.- Modificación orzamentaria núm. 15/2004 con cargo a remanentes líquidos para financiación do convenio Concello-Consorcio Zona Franca e do modificado do proxecto de aparcadoiro subterráneo da rúa Urzáiz.

### ASUNTOS SOCIAIS

- 12.- Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 16.02.04, polo que se solicita subvención á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, ó abeiro da orde do 08.12.03, para a prestación de servizos sociais no ano 2004, por importe de 3.044.890,21 €.

### MOCIÓNS

- 13.- Moción do Grupo Municipal de DPG sobre o segundo cinto de circunvalación.
- 14.- Moción do Grupo Municipal de DPG sobre obras no litoral vigués.
- 15.- Moción do Grupo Municipal de DPG sobre unión do Berbés do mar.
- 16.- Rogos e preguntas.

### **DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE horas do día TRINTA DE MARZO, para resolve-los asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

kv

Vigo, 25 de marzo de 2004

A ALCALDESA,

O SECRETARIO DO PLENO,

M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.